

O software libre está presente en seis de cada dez pemes galegas

Mar Pereira, responsable autonómica de **Modernización e Innovación Tecnolóxica**, presentou os informes do Observatorio pola Sociedade da Información de Galicia

Redacción

O software libre está presente no 63,6 % das pequenas e medianas empresas (pemas) galegas, cun crecemento de 30 puntos porcentuais durante o período 2008-10. Así se recolle en dous informes: un sobre o uso do software libre nas pemes e outro específico sobre software libre nas empresas informáticas de Galicia, elaborados polo Observatorio para a Sociedade da Información de Galicia (Osimga) e que foron presentados esta semana pola secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira.

Os estudos do Osimga sinalan que preto do 60 % das empresas informáticas de Galicia que ofertan produtos ou servizos inclúen produtos de software libre, incrementando esta oferta en máis dun 15 % no período 2008-10. Estes datos poñen de manifesto que existe un amplo conxunto de provedores galegos de software libre.

VALORACIÓN POSITIVA

O 35 % das empresas que aínda non empregan software libre consideran que usalo sería beneficioso para elas. Ademais, o 53,4 % das empresas galegas opinan que o uso de software libre se incrementará, e o 58,2% o valoran positivamente. A enquisa revela que as pemes galegas que xa empregan software libre expresan unha alta satisfacción co seu uso (de media, 7 puntos sobre 10), practicamente parella coa satisfacción que teñen co software propietario que utilizan. No caso das empresas TIC galegas, este nivel de satisfacción é de 8 puntos sobre 10, case un 10% superior á satisfacción destas co software propietario.

Segundo subliñou Mar Pereira, os datos confirman que as empresas galegas xa perciben o software libre como un software que chega solucións aos seus negocios e que xa forma parte da cultura xeral sobre as TIC, e que conta cun elevado ritmo de introdución en pemes

de todos os sectores.»

Nesa liña, a secretaria xeral destacou que a Administración autonómica considera que existe unha oportunidade de negocio na posta a disposición do empresario de solucións baseadas no software libre.

NA ADMINISTRACIÓN

Pereira tamén recordou que a Xunta está a impulsar e dando a coñecer proxectos baseados no software libre e está a apostar por eles en proxectos de calado.

Ademais de contar cun plan específico de fomento do software libre con 120 accións, a Xunta tamén introduce en iniciativas de gran transcendencia como o Proxecto Abalar, co que se está a formar ás futuras xeracións e profesionais en contornos de traballo integradamente en software libre, que este ano chegará a 31.500 alumnos de ao redor de 1.500 aulas da comunidade.

Modernización está a fomentar a dispoñibilidade dunha oferta formativa en ferramentas libres dirixida á cidadanía no seu conxunto. No ámbito profesional e empresarial, a través do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), que no último curso académico impartiu un 53 % da súa formación sobre tecnoloxías ou metodoloxías libres. O mesmo criterio se aplica na formación dixital que se imparte nas 94 aulas de CeMIT, dende as que se traballa para chegar a tecnoloxía a toda a sociedade e que está equipada con sistemas operativos, solucións e ferramentas informáticas baseadas no software libre.

CENTRO DEMOSTRADOR TIC

En canto ao sector empresarial, Pereira lembrou a posta en marcha en xuño deste ano do chamado Centro Demostrador TIC, que facilita ás empresas tecnolóxicas os medios para dar a coñecer as súas ofertas a outros sectores produtivos, e onde o software libre ocupa un espazo relevante

Na presentación dos informes do



De esquerda a dereita: o director xeral de Red.es, Carlos Cano; a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta, Mar Pereira; e o director xerente do Cenatic, Miguel Jaque

Osimga interviñeron tamén o director xeral de entidade pública estatal Red.es, Carlos Cano, e máis Miguel Jaque, director xeral do Centro Nacional de Referencia de Aplicacións TIC baseadas en Fontes Abertas (Cenatic) —a executiva deste organismo celebrou esta semana por primeira vez a súa reunión en Galicia, concretamente en Santiago de Compostela.

O CENATIC

Galicia incorporouse o pasado mes de febreiro ao Padroado de Cenatic, entidade que ten entre os seus obxectivos promover o coñecemento e difusión do software libre nas Administracións e nos diferentes

sectores produtivos

O director xerente do Cenatic, Miguel Jaque, agradeceu a aposta do Goberno galego a prol do software libre, así como «o carácter impulsor



O Goberno galego ten programadas 120 accións a prol do uso do software libre no conxunto da sociedade

da súa presenza no padroado de Cenatic». Tamén afirmou que os datos mostrados pola Xunta confirman a tendencia recollida polo INE en toda España, que mostran o enorme avance no uso de software libre por parte das empresas.

O director xeral de Red.es, Carlos Cano, afirmou na necesidade de apostar pola tecnoloxía e sinalou que «a nosa mellor opción para crecer nun mundo difícil, e nunha economía global en crise, é a innovación: gañan en produtividade naqueles sectores nos que participamos. E as TIC, son a mellor ferramenta para gañar esa necesaria competitividade. Somos un sector clave e temos que estar á altura».

Lugo acolleu as primeiras xornadas sobre o uso da informática na xustiza

O hotel Méndez Núñez da cidade de Lugo acolleu esta semana as dúas xornadas do seminario *Informática xudicial, peritaxe técnico e proba electrónica*, organizada polo Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) e que está a financiar a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Coa celebración deste seminario en Lugo inclúese un ciclo formativo que terá continuidade os días 29 e 30 de setembro coa organización deste mesmo seminario nas cidades de Ourense e Pontevedra. Na primeira xornada luguesa, máis de 25 profesionais da Xustiza achegáronse a participar nun seminario que contou coa participación do avogado e blogueiro Víctor Salgado, e do fiscal especializado en Criminalidade e Informática da provincia de Pontevedra, Luís María Uriarte, que abordou o tema da proba electrónica e a súa importancia no proceso xudicial. A subdirectora xeral de Sistemas de Información e Modernización

da Administración Pública, María José García Sexto, foi a encargada de inaugurar o seminario, que segundo recordou enmárcase nun convenio suscrito entre o CPETIG e a Secretaría Xeral de Modernización para accións formativas no eido das peritaxes xudiciais e técnicas probatorias e outras actividades dirixidas á difusión da sociedade da información entre os profesionais do sector TIC e a sociedade galega.

PLAN SENDA 2014

García Sexto indicou que para a Administración autonómica é prioritario o desenvolvemento dos servizos públicos dixitais en áreas de gran impacto social como sanidade, educación e xustiza. No ámbito da Xustiza, a subdirectora xeral destacou o esforzo que está a facer a Xunta co Plan Senda 2014 —plan a catro anos cun orzamento de 34 millóns de euros a través do que se están a desenvolver unha serie de actuacións orientadas a consolidar

unha infraestrutura tecnolóxica e de servizos robusta e fiable.

O obxectivo do seminario de informática xudicial é informar e concienciar aos profesionais dos avances en materia probatoria nos casos en que interveña o factor informático no proceso, así como dos beneficios da incorporación das novas tecnoloxías nos xulgados. Co seminario tratarase tamén de sensibilizar sobre a axuda que poden prestar os peritos informáticos nas causas xudiciais e as claves de valoración da proba informática

Na segunda xornada interveu o xefe do Grupode Delitos Telemáticos da Garda Civil, de Pontevedra, Gonzalo Sotelo, que falou sobre a o protocolo forense en probas electrónicas.

O seminario completouse co relatorio do perito do Corpo Oficial de Peritos do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG), Miguel Abal, que falou da práctica pericial informática.